



Rúa Atalaia, s/n
Telf.: 981 86 74 14
Fax: 981 85 41 40
15970 PORTO DO SON
servizos.sociais@portodoson.dicoruna.es

QUINCE PERSOAS PARTICIPARON NA PRIMEIRA XORNADA DE EMPREGO DO CONCELLO DE PORTO DO SON.

A primeira xornada tivo lugar o pasado mércores día 21 de Xaneiro.

O pasado mércores día 21 de xaneiro tivo lugar a primeira xornada para a busca de emprego, dentro do ciclo mensual de xornadas que está a desenvolver o Concello de Porto do Son. Nesta xornada, na que participaron 15 persoas, tratouse o tema da planificación e organización dunha correcta busca de emprego e nela os participantes aprenderon a planificar a súa busca de emprego, a detectar os erros máis comúns que adoitan cometerse, as vantaxes de utilizar unha axenda de busca de emprego e outras recomendacións que lles serán de axuda para acadar a súa inserción laboral.

Seguindo con este ciclo de xornadas, o vindeiro día 25 de febreiro vai ter lugar a segunda sesión, na que se abordará o tema do currículum e a carta de presentación. Nesta xornada, as persoas participantes aprenderán a familiarizarse co uso dun currículum persoal e das cartas de presentación; aprenderán que información deben conter, de qué maneira estruturalos, e outras recomendacións para aproveitar ao máximo estas ferramentas de busca de emprego.

A inscrición para poder participar nesta xornada xa está aberta e pode facerse na Oficina de Orientación Laboral do Concello de Porto do Son, ou chamando ao teléfono 981 76 75 89.

Javier Quiñoy Taboada

Concelleiro de Promoción Económica